

Situacións de aprendizaxe

Fagamos da paz algo viral

Primeiro ciclo primaria





Fagamos da paz algo viral é unha proposta educativa desenvolvida por © ONGD SED 2026. Este material está baixo licencia Creative Commons CC BY-NC-ND 4.0.

Elaborado por: comisión de ETCG de ONGD SED integrada por Ana Martín Bautista, Cristian Gómez Martín, Florencia Agustina Bulacio Vaira, Izaskun Adot Larumbe e Tania Díaz Basurdo, co apoio da coordinadora de proxectos, Ana Fernández Moya e Beatriz de la Banda Velázquez, membro da comisión permanente.

Revisión técnica por: Nuria Salvatierra Villada, Jesús Rojas Aguilar, Rocío Rodríguez Rueda, Esther Lechado Hurtado, Coral de la Camara García, Teresa Rodríguez Pérez de Ayala, Isabel de la Cruz Sierra, Agnola Soler Ortiz, Inmaculada LLacer Moreno Auriolos, M.^a del Carmen Millán Herrera, equipo docente do Colexio Marista de Sevilla.

Deseños de: Zootropo Studio.

Maquetación por: Victoria Daima, responsábel de Comunicación de ONGD SED.

Proposta didáctica “Cultivamos paz”

Contexto e conexión co ODS 16

O ODS 16 busca construír sociedades onde o respecto sexa a base. Neste ciclo, a violencia non adoita ser dixital, senón física e de relacións: empurróns, insultos ou exclusión no xogo. O ODS 16 (Paz, Xustiza e Institucións Sólidas) no primeiro ciclo de primaria non se ensina, vívese. Con esta idade aínda están a aprender a distinguir entre o que senten (rabia, frustración) e o que fan (pegar, berrar). Desde a campaña Fagamos da paz algo viral, a proposta de SED ten as seguintes bases:

- **A paz é activa:** Non é só "non pegarse", é saber pedir unha quenda. Non é só "non berrar", é saber expresar unha necesidade.
- **Xustiza Restaurativa vs. Castigo:** O castigo só ensina a ter medo ou a agocharse; a xustiza restaurativa (base do ODS 16) ensina responsabilidade. Se rompo o debuxo dun compañeiro/a, o castigo afástame del ou dela; a reparación obrígame a buscar un tempo coa outra persoa, mirarlle aos ollos, entender a súa tristeza e buscar unha forma de arranxar o incidente.
- **Efecto contaxio:** En 1º e 2º, a imitación é a ferramenta de aprendizaxe máis potente. Ao "facermos virais" xestos de coidado, convertemos o feito de ter recursos para arranxar as situacións creadas, a comunicación ou a amabilidade nunha moda máis forte que o conflito.
- O obxectivo non é que os rapaces non teñan conflitos (iso é imposible), senón que cando o conflito apareza, utilicen a comunicación e teñan as palabras para o resolver sen necesidade de usar as mans. Queremos pasar do "Quen foi?" (buscar culpábeis) ao "Como o arranxamos?" (buscar solucións).

Marco teórico

1. Conceptos

Empatía, Necesidade (Comunicación Non Violenta), Reparación, Observación.

2. Preguntas guía

- 1º Paso: Cálmate.
- 2º Paso: Pensa. Que foi o que pasou realmente (sen xulgar)? Como se pode sentir o meu compañeiro/a? Que podemos facer para que se sinta mellor? Que é o que necesita? Que é o que preciso eu? Que solucións podemos buscar que sexan axeitadas para todos/as?
- 3º Paso: Fala e expresa: a túa opinión, as túas emocións, o que precisas.
- 4º Paso: Escoita ao outro e demostra comprensión.
- 5º Paso: Busca solucións axeitadas para todos/as.

3. Obxectivos e elementos curriculares

- Identificar emocións básicas nun mesmo e nos demais.
- Diferenciar entre un feito (o que pasou) e un xuízo (o que eu penso do outro).
- Expresar peticións claras usando a linguaxe da paz.
- Competencias: cidadá, comunicación non violenta.



SdA 1: “Detectives de Necesidades Invisibles” (1h)

Obxectivos

- Desenvolver a empatía recoñecendo que, detrás de cada acción, hai unha necesidade.
- Fomentar a escoita activa en situacións de desacordo.

Materiais a preparar previamente

- Para o inicio: o conto impreso ou proxectado (inclúese abaixo).
- Para o desenvolvemento: lupas de cartolina (ver a continuación). Repártese unha lupa azul e unha laranxa por cada grupo de 4-5 alumnos/as.
- Para o peche: unha árbore grande debuxada en papel continuo ou formada por folios pegados na parede. Debe ter raíces moi grandes e un espazo amplo nas pólas para pegar as follas/froitos. Tarxetas recortables en forma de follas e raíces.

Actividade

1. Inicio (10 min.)

O/A docente narra un conto breve sobre un conflito real de aula. Os estudantes actúan como detectives que buscan "pistas invisibles".

Nunha escola de Santiago de Compostela, estudan Leo e Antía.

A Leo encántalle debuxar; hoxe pasou todo o recreo creando un arco da vella precioso, está moi orgulloso do seu traballo.

Ao seu carón está Antía. Leva un tempo intentando debuxar un dinosauro, pero non dá feito ben a cabeza. Borrouna tantas veces que o papel case rompe. Enfadada, levántase, pasa polo sitio de Leo e, ¡TRAS!, engúrralle e rómpelle o debuxo do arco da vella pola metade.

Leo ponse a chorar, mentres que Antía queda de pé, mirando ao chan e sen dicir nada. A clase quedou en completo silencio.



2. Desenvolvemento (20 min.)

Utilízanse lupas de cartolina de dúas cores:

- Lupa Azul (Feitos): Que fixo exactamente a nena/o neno do conto? (Sen dicir "é malo").
- Lupa Laranxa (Corazón): Que necesitaba esa nena/ese neno? Atención? Coidado? Axuda?

3. Peche (25 min. + 5 min. de elaboración das palabras na árbore)

Un rapaz/unha rapaza imita o xesto dunha emoción e outro/a debe adiviñala e propor unha forma de axudar.

Listaxe de emocións a representar:

Frustración / Enfado / Tristeza / Cansazo / Abandono / Illado (Sentirse só/soa) / Busca de axuda / Alegría / Superación / Ilusión.

Exemplo de dinámica na aula:

- Martiño imita o "Cansazo" (bocexa, arrastra os pés, apoia a cabeza nas mans).
- André adiviña: "Estás canso!".
- André propón a axuda: "Se estás canso, déixoche a miña cadeira para que descanses".

O produto final é "A árbore das necesidades da clase", onde nas raíces están escritas as necesidades básicas de todos e todas. As follas ou froitos: Nelas escríbense as nosas formas de axudar ante esas necesidades.

- **As Raíces:** o/a docente escribe nas raíces da árbore as necesidades básicas que descubriron os e as detectives (ex. Coidado, Axuda, Compañía, Escoita, Descanso).
- **As Follas ou Froitos:** cada parella colle unha folla de papel e escribe ou debuxa a forma na que acordaron axudarse durante o xogo anterior. Exemplo escrito polos nenos e nenas: "Se alguén está triste (Emoción), doulle unha aperta (Forma de axudar)" ou "Se alguén está illado, convídoo a xogar comigo".

Pegar as follas nas pólas simboliza que, cando a clase rega as raíces (atendendo as necesidades), a árbore dá froitos de paz que se "fan virais" por todo o colexio.



Lupa azul



Lupa laranxa



SdA 2: "O Laboratorio do Rosmón" (Tradución Conductas Non Violentas)

(1h 30 min.)

Obxectivos

- Distinguir entre xuízos/insultos e observacións obxectivas.
- Transformar expresións violentas en peticións de axuda.

Materiais a preparar previamente

- Personaxe principal: elixir algunha das opcións que se presentan a continuación e imprimir.
- 5 Tarxetas de conflito grandes (magnéticas ou con velcro/adhesivo para o encerado) impresas coas frases reais do patio: 1) "Ti non xogas connosco!"; 2) "Quita, eu ía primeira!"; 3) "Non che dou as miñas cores!"; 4) "Déixame en paz!"; 5) "Dáme iso, quéroo agora mesmo!"
- O "Panel da Tradución": Un taboleiro, cartolina grande ou espazo dividido no encerado en tres columnas coas súas respectivas iconas debuxadas:
- Columna 1: Que está pasando de verdade? / Feito obxectivo (Icona duns anteollos);
- Columna 2: Como se sente "O Rosmón"? / Emoción e Necesidade (Icona dun corazón);
- Columna 3: Como o pide sen facer dano? / Conducta Non Violenta (Icona dunha boca que simboliza diálogo).
- Proxector ou copias impresas do "Menú de Retos" (a listaxe coas 5 peticións difíciles e as 6 situacións difíciles) para que as parellas poidan elixir o seu reto no peche.
- Folios DIN A5 (folios normais cortados pola metade) para que os alumnos fagan os seus borradores de tradución.
- 5 tarxetas limpas de cartolina brillante (unha para cada pequeno grupo) para escribir a versión final limpa e traducida do Rosmón.
- Fotocopias da "Ponte de Pedra": unha copia por parella. O debuxo da ponte debe deixar espazo libre á esquerda (para a situación difícil), no arco central (para o sentimento) e á dereita (para a resposta empática).
- Material de estoxo por mesa: rotuladores, lapis de cores e pegamento en barra.
- Para a montaxe do mural: cinta de adhesiva de pintor, celo ou masilla tipo Blu-Tack para pegar todas as pontes seguidas na parede da aula formando o camiño.

Actividade

Inicio (15 min.)

Preséntase o personaxe (marioneta ou debuxo) á clase. Non se presenta como un personaxe "malo", senón como alguén que está saturado polas situacións do colexio e non sabe comunicarse. A continuación, o/a docente pode presentalo a modo de exemplo: "Clase, preséntovos a O Rosmón. Vén dun colexio onde a xente non se entende ben. El non quere facer dano, pero ten un problema: non sabe falar o idioma das Conductas Non Violentas. Cando algo lle molesta no recreo ou na clase, sáelle un escudo que pincha e di frases que rompen as pontes cos demais. Hoxe veu ao noso laboratorio de paz porque precisa que o axudemos a traducir o que lle pasa por dentro".

O/A docente coloca as cinco tarxetas de conflito no encerado arredor do personaxe. A modo de exemplo:

- "Mirade esta tarxeta: 'Ti non xogas connosco!'. Cando alguén di isto no patio, que pasa co outro neno ou nena? Acércao ou afástao?"
- "E se berra 'Eu ía primeiro!' empurrando na ringleira do comedor? Consegue estar tranquilo/a ou comeza unha pelexa?"

Explica que estas frases son "frases trampa" porque agochan o que a persoa precisa de verdade.

Desenvolvemento (entre 20 min. e 40 min.)

A clase convértese en "Laboratorio de tradución". Divídese a clase en cinco pequenos grupos de traballo. A cada grupo asígnaselle unha das frases trampa do Rosmón. Para iso, o/a docente colócase de pé fronte aos alumnos e alumnas e explícalles que, para traducir ao Rosmón, todo o corpo ten que activarse. O/A docente modela os tres xestos de forma exaxerada e divertida, pedindo ao alumnado que o/a imiten como si fosen espellos:

1. Anteollos da Verdade! (O/A docente xunta os dedos índice e polgar de cada man formando círculos e ponse os ollos como anteollos). Que significa isto? Que só vale dicir o que se ve, o que gravaría unha cámara de vídeo, sen inventar nin insultar. Todos nos pomos os anteollos! Que vemos? Unha folla engurrada, un balón...

2. Corazón acendido! (O/A docente cruza as mans sobre o seu peito, enriba do corazón). Que significa isto? Que miramos cara a dentro para descubrir o que se sente ou o que precisamos de verdade. Teño medo? Estou enfadado? Preciso axuda? Mans ao corazón todos!

3. A Palavra Amable! (O/A docente sinala suavemente a súa boca co dedo índice). Que significa isto? Que usamos a boca para pedir con calma, por favor e sen exixir. Sinalamos a boca!"

O xogo do quecemento (3 min.): O/A docente di en voz alta: "Paso 2!" e os nenos/as deben facer o corazón rapidamente. "Paso 1!" e póñense os anteollos de mans. Isto asegura que memorizan o código antes de escribir.

Despois entrégaselles material para escribir; o/a docente guía os grupos utilizando o Panel da Tradución do encerado. Cada grupo debe analizar a súa frase baixo o esquema das conductas pacíficas:

Frase orixinal do Rosmón	Xesto 1: O que se ve	Xesto 2: O que se sente	Xesto 3: O que pedimos
"Quita, eu ía primeiro!"	Dúas persoas queren entrar á vez na ringleira.	Preciso xustiza e respecto pola orde.	"Eu estaba diante na ringleira, por favor vai detrás de min".
"Non che presto as cores!"	Estou usando os meus materiais neste instante.	Preciso rematar a miña tarefa e coidar as miñas cousas.	"Úsoos agora. Cando remate o debuxo, préstochos".
"Déixame en paz!"	Estasme tocando ou falando moi preto.	Preciso o meu espazo persoal e tranquilidade.	"Estou canso e preciso estar un momento só, por favor".
"Quéroo agora mesmo!"	Queres un balón que ten outro compañeiro.	Teño moitas ganas de xogar con iso.	"Déixasme o balón cando remates de xogar ti?"

Para finalizar co desenvolvemento propónse que cada grupo escriba a versión "traducida", é dicir, o que pedimos, nunha tarxeta limpa de cartolina brillante. Os estudantes poden decorar o bordo da tarxeta con debuxos de pontes ou mans apertándose, simbolizando que esa frase une ás persoas.

Peché (30 min. + 10 min. para escribir as respostas nas fotocopias da ponte)

O/A docente organiza a clase por parellas e explícalles que van adestrar para resolver Peticións Difíciles (que dan vergoña ou medo) e Situacións Difíciles (que dan rabia) usando os tres pasos corporais.

Paso 1: O/A docente modela un exemplo no encerado (5 min.)

Antes de deixalos sós/soas, sae cun alumno/a voluntario/a ao centro e simula unha situación difícil para amosar como se usan os xestos.



- Situación: Un compañeiro/a quítache a goma nova da mesa sen pedila. O docente responde usando os xestos:
 - a. Anteollos (O que vexo): "Vexo que colliches a miña goma nova da mesa sen preguntar".
 - b. Corazón (O que sinto): "Sinto un pouco de molestia porque me gusta coidar as miñas cousas novas".
 - c. Boca (O que pido/digo): "Por favor, pídemme a goma antes de collela. Devólvesma cando remates?"


A continuación, o/a docente reparte ou proxecta as dúas listaxes de retos; en cada parella, o/a estudante A representa o reto e o/a estudante B debe responder buscando unha "Resposta que faga da paz algo viral" seguindo obrigatoriamente os tres pasos (Anteollos, Corazón, Boca). Á metade de tempo, cámbianse os papeis.

Personaxe principal






Ponte de Pedra






Tarxetas coas frases



Osatzeko txartelak



Menú de retos para as parellas (elixe un por parella):

Opción 1: Peticións difíciles (Aprender a pedir con empatía)

- **Reto A:** Queres o debuxo tan chulo que fixo o teu compañeiro. Como llo pides?
- **Reto B:** Queres entrar nun xogo de patio que xa comezou. Como dís: "Podo xogar convosco?"?
- **Reto C:** Unha compañeira trouxo uns rotuladores novos preciosos. Como llos pides prestados?
- **Reto D:** Fixéronlle un penalti ao teu amigo e queres tiralo ti. Como llo pides?
- **Reto E:** Queres que te elixan nun grupo de traballo onde xa hai moitos amigos/as. Como o pides?

Opción 2: Situacións difíciles (Aprender a reaccionar sen violencia)

- **Situación A:** Un compañeiro quítache un debuxo que fixeras para regalarllo a un amigo ou á profe.
- **Situación B:** Ao facer equipos no recreo, alguén se enfada polo grupo que lle tocou, porque non é o capitán ou porque non está co seu mellor amigo/a.
- **Situación C:** Alguén che quita o afialapis ou a goma nova da mesa en lugar de pedircha por favor.
- **Situación D:** Unha amiga enfádase moitísimo cando perde un xogo no patio e di que xa non xoga máis.
- **Situación E:** Hai un compañeiro que sempre quere ser o primeiro en todo (na ringleira, en falar, en coller o material).
- **Situación F:** No traballo en grupo, unha compañeira quere que só se faga a súa proposta e non escoita aos demais.

Por último, cada parella recibe unha fotocopia co debuxo dunha Ponte de Pedra. Onde deben escribir, na parte esquerda da ponte, a situación difícil (o problema). No arco da ponte (as pedras que unen un lado co outro) deben escribir como se senten, e por último na parte dereita deben escribir a resposta empática que deseñaron xuntos/as. Para finalizar, todos/as os/as estudantes colorean as súas pontes e péganas unhas a continuación doutras na parede da aula, formando un longo camiño.

SdA 3: "Fagamos dos Xestos de Paz algo viral"

(45 min de clase + un recreo de observación)

Obxectivos

- Recoñecer e valorar as accións pacíficas fronte ás violentas.
- Apoderar aos e ás estudantes como creadores dunha cultura de paz.

Materiais a preparar previamente

- **Para o inicio e a motivación:** proxector, pantalla e altofalante na aula. [Vídeo](#) primaria.
- **Para o Desenvolvemento ("Caza de Tesouros de Paz"):** o "caderno do cazador de tesouros": Unha pequena libreta, bloc de notas ou unha ficha impresa para cada alumno cos dous recadros da fórmula visual:
 - a. Icona dun ollo: "Vin que..." (Espazo para escribir ou debuxar a boa acción);
 - b. Icona dunha cara cun sorriso: "Sentínme feliz porque..." (Espazo para escribir ou debuxar a emoción). Lapis e pinturas de cores para encher as fichas tras a observación (xa sexa no recreo, na aula ou na casa coa familia).
- **Para o Peche e o Produto Final (A elixir segundo a opción da escola):**
 - Se se elixe a Opción A (Redes sociais): ficha "pantalla" fotocopiada que simula unha publicación de redes sociais para que, por parellas, o alumnado cree a súa propia mensaxe de paz.
 - Se se elixe a Opción B (Radio): ficha do guión cos espazos para o nome do reporteiro + a noticia positiva fotocopiada. Gravadora de voz, tablet ou smartphone cunha aplicación sinxela de notas de voz instalada.
 - Se se elixe a Opción C (Xornal da Paz): follas modelo fotocopiadas do "Xornal da Paz": Folios cun deseño de cabeceira de prensa onde haxa espazo para un titular grande, un debuxo do momento e tres liñas para redactar a noticia. Tesoira, pegamento en barra e rotuladores para deseñar o xornal nun gran mural común.

Actividade

Inicio (10 min.)

O/A docente explica que as cousas boas tamén poden ser "virais". Buscamos xestos que coiden aos demais.

Desenvolvemento (15 min.)

"Caza de Tesouros de Paz". Durante o recreo ou a clase, os nenos deben detectar a compañeiros facendo cousas boas (compartir, axudar a levantarse, escoitar). Ao volver, deben explicalo así: "Vin que..." (Observación) e "Sentínme feliz porque..." (Sentimento).

Pече (20 min.)

Cada parella recibirá unha ficha que simula unha publicación de redes sociais. O obxectivo será crear contidos positivos que promovan o respecto, a inclusión, a solidariedade e a convivencia pacífica. O alumnado elaborará unha mensaxe de paz que queiran "facer viral". Cada parella redactará unha mensaxe breve para acompañar o debuxo. Cada ficha incluírá o #Hashtag oficial da campaña, e un #Hashtag creado polo propio alumnado.

O produto final é un vídeo compilatorio das mensaxes de paz / programa de radio / xornal da clase segundo o formato que a escola considere pertinente titulado: "Fagamos da paz algo viral en 1º/2º grao", onde os e as estudantes fan virais os tesouros da paz.



Anexo

Sesión 3: ficha redes sociais

Nomes:

Escola:

Curso:



A nosa mensaxe de paz é:

#Fagamosdapazalgoviral

Anexo

Sesión 3: ficha guión radio



Fagamos da paz algo viral

Somos as alumnas e alumnos de

e isto é Fagamos da Paz algo viral.

As novas do día de hoxe son:

Completar coa info
do curso e colexio



Anexo

Sesión 3: ficha tapa xornal

Completar coa info do curso e colexio

Fagamos da paz algo viral

Xornal _____

Titular

*Inserir foto do
curso aquí co
cartel Fagamos
da paz algo viral*

Nova 2

Nova 3

SdA 4: "Arquitectos/as do Recuncho da Calma" (45 min)

Obxectivos

- Recoñecer como o espazo físico inflúe na nosa tranquilidade e comportamento (Análise estrutural).
- Colaborar na creación dun lugar seguro para a xestión de emocións e a resolución de conflitos.

Materiais a preparar previamente

- **Para o Inicio (Detección de zonas ruidosas/incómodas):** encerado e rotuladores (para anotar os lugares que os poñen nerviosos). Opcional: Gometes ou adhesivos vermellos e verdes se se dispón dun plano impreso do colexio ou da aula para marcar as zonas "de ruído" (vermello) e as zonas "de calma" (verde).
- **Para o Desenvolvemento (Deseño do plano en grupo):** unha cartolina grande ou papel continuo (mural): Servirá como o "plano dos arquitectos" onde debuxarán o recuncho ideal. Tarxetas ou post-its de cores: Para que cada grupo debuxe ou escriba de forma individual os elementos que propoñen (coxíns, normas, carteis) antes de pegalos no plano común. Material de debuxo: Rotuladores, lapis de cores, ceras e pegamento en barra.
- **Para o Peché (Montaxe físico e Inauguración):** elementos físicos para o espazo (aportados polo centro ou as familias):
 - Unha alfombra pequena, esteira (tipo ioga) ou manta para delimitar o chan do recuncho.
 - Coxíns cómodos para sentarse.
 - Unha caixa ou cesta pequena ("A caixa da calma") que conteña pelotas anti estrés ou xoguets de estimulación táctil (fidgets); contos ilustrados sobre emocións e calma; debuxos relaxantes ou mándalas listos para colorear con un par de soportes ríxidos para apoiar.
 - Un cartel grande co título da zona (ex: "O Recuncho da Calma de 2º") e normas visuais sinxelas acordadas no desenvolvemento (ex: "Entrase de un en un", "Respectamos o silencio").
 - Dispositivo tecnolóxico: Unha tablet, cámara dixital ou teléfono móbil para realizar as fotos da inauguración.
 - Para o mural de fotos: cinta de pintor ou masilla tipo Blue-Tack para pegar os retratos dos alumnos arredor do recuncho ou no mural da clase.

Actividade

Inicio (10 min)

O/A docente convida á clase a identificar lugares da aula ou do colexio que os poñen "nerviosos" ou os fan sentir incómodos (ex. o colgadoiro cando todos se amontoan ou un recuncho con moito ruído). Explícase que para "Facer da Paz algo Viral" precisamos lugares que nos axuden a estar tranquilos.

Desenvolvemento (10 min)

Por grupos, deseñamos que precisa ese lugar para ser pacífico. Os alumnos propoñen elementos concretos baseándose nas súas necesidades: "Precisamos un cartel que diga 'agarda a túa quenda' para non empurrarnos" ou "Precisamos un coxín para sentar cando esteamos tristes". Debúxanse os elementos nun mural que servirá de plano.

Pече (20 min)

Montamos fisicamente o "Recuncho da Calma" na aula cos materiais elixidos (pelotas anti estrés, contos, debuxos relaxantes). Para inauguralo, cada alumno fai un xesto de calma no recuncho e tómaselle unha foto para o mural da clase, simbolizando que ese espazo pertence a todos.



Man-luva con preguntas para o recuncho de mediación



SdA 5: "A ponte dos acordos" (45 min)

Obxectivos

- Practicar a empatía achegándose fisicamente á posición e sentimentos do outro.
- Chegar a acordos de reparación para transformar o conflito nunha oportunidade de coidado.

Materiais a preparar previamente

Velaquí a listaxe completa e unificada de materiais para esta actividade da Liña da CNV / Pactos de Coidado. Está organizada para que o docente poida preparar a aula rapidamente antes de que entren os alumnos.

Para a estrutura no chan (liñas de encontro)

- 2 ou 3 rolos de cinta de pintor (masking tape) ou cinta adhesiva de cores rechamantes: Utilizarase para pegar as liñas longas no chan. Necesítase unha liña principal para o espazo de asemblea (exemplo inicial) e tantas liñas secundarias como grupos de 4 alumnos se formen na aula.

Opcional: xiz de cores se a actividade se realiza no patio ou nun chan onde se poida pintar e borrar facilmente.

Para o desenvolvemento (traballo en grupos de 4):

- Tarxetas de situacións de conflito onde o/a docente teña escrito previamente diferentes conflitos reais ocorridos durante a semana na aula ou patio (ex: "Pelexáronse polo último balón", "Alguén empurrou a outra na ringleira e insultáronse", "Un compañeiro non quixo compartir as pinturas"). Entrégase unha situación diferente a cada grupo de 4. Encerado e rotuladores: Para deixar anotados os 3 pasos visuais que os "testemuñas" deben validar antes de dar o paso:
 - a. Observación: Que pasou?
 - b. Sentimento: Como se sente?
 - c. Necesidade: Que precisa para estar ben?

Para o peche e o produto final:

- Folla modelo do "Pacto de Coidado" impresa.
- A "Carpeta de Acordos da Clase": Un archivador, carpeta clasificadora ou un caderno grande decorado que estará sempre visible na aula. Aquí iranse arquivando e pegando todos os pactos asinados para que sirvan de exemplo ao resto do grupo.
- Material de escritura: Lapis, bolígrafos ou rotuladores finos para asinar os pactos.
- Pegamento en barra ou cinta adhesiva: Para fixar os pactos dentro da carpeta de acordos.

Actividade

Inicio (10 min)

Ante un conflito ocorrido na clase, o/a docente debuxa unha liña longa no chan (ou usa cinta adhesiva). Os dous compañeiros implicados colócanse nos extremos, un fronte ao outro, representando a distancia que creou o problema.

2. Desenvolvemento (10 min. + 20 min. de práctica en grupos de 4)

O/A docente guía o encontro; en grupos de catro, eles deben dar un paso á fronte cada vez que recoñezan algo da Comunicación Non Violenta do compañeiro. A idea sería que nestes grupos de catro poidan chegar a acordos antes de dar o paso. Pódese realizar dunha maneira máis lúdica xogando á cadea, por grupos enganchados polos brazos:

- Dou un paso se escoito que pasou (Observación).
- Dou un paso se comprendo como se sente o meu compañeiro (Sentimento).
- Dou un paso se entendo que precisa para estar ben (Necesidade).

Ao final, ambos se atopan no centro da liña, tendo "acurtado" a distancia emocional. Antes de comezar a actividade, pódese exemplificar isto mesmo con todos nun momento de asemblea, para que poidan visualizar como realizar a actividade. Proponse que a cada grupo se lle ofrezca unha situación diferente, nos conflitos por exemplo presentados ao longo da semana.

Peché (20 min)

Unha vez no centro, danse a man e asinan o seu propio "Pacto de Coidado" (un pequeno papel onde escriben que farán para non repetir o conflito). Este pacto "faise viral" pegándoo na carpeta de acordos da clase como exemplo de resolución para os demais.

Anexo

Sesión 4: fichas modelo do "Pacto de Coidado"

Fagamos da paz algo viral



Pacto do coidado

Como imos solucionalo?

Sinatura do alumno/a A

Sinatura do alumno/a B

Anexo

Sesión 4: Tapa para “Carpeta de Acordos da Aula”

Fagamos da paz algo viral



Acordos da aula

*Pegar foto do
curso co cartel da
campaña*





Dinámicas de 10 min. para fortalecer a cultura da paz

Dinámica 1: O/A docente amosa unha emoción (ex. tristeza) sen falar. Os nenos deben adiviñala. Logo, deben propor unha petición de coidado para esa emoción (ex. "Preciso unha aperta").

- Enfoque: Conecta sentimentos con necesidades reais.

Dinámica 2: Nunha caixa gárdanse tarxetas con frases de CNV: "Sinto...", "Xogamos?", "Perdoa". Cando alguén se sente só ou enfadado, pode ir á caixa e elixir unha tarxeta para darlla a un compañeiro.

- Enfoque: Facilita a comunicación cando as palabras non saen polo enfado.

Dinámica 3: Séntanse en círculo. O/A docente murmura unha frase de paz (ex. "Coidamos o material"). A mensaxe debe chegar ao final igual. Se cambia a algo negativo, analizamos por que as mensaxes ás veces se estragan (rumores).

- Enfoque: Concienciación sobre a importancia da verdade e a escoita.

Dinámica 4: Un neno ponse no centro e os demais, por quendas, dinlle unha cousa boa que viron que fixo esa semana.

- Enfoque: Reforzo positivo e sentimento de pertenza (Institución sólida).

Dinámica 5: Con música, os nenos bailan. Cando a música para, o/a docente di unha emoción (ex. "Medo!") e todos deben conxelarse con esa cara. Logo pregúntase: "Que precisa unha estatua que ten medo?"

- Enfoque: Identificación de necesidades alleas a través da expresión corporal.

Dinámica 6: Un neno conta algo que lle gusta durante 30 segundos. O compañeiro debe repetir o que oíu empezando por: "Oínte dicir que...".

- Enfoque: Practicar a escoita activa e o parafraseo antes de opinar.

Dinámica 7: Ao volver do recreo, o/a docente coloca unha cinta no chan. Un extremo é "Moito coidado" e o outro "Rada de coidado". Os nenos sitúanse na liña segundo como crean que se portaron todos como grupo hoxe.

- Enfoque: Fomenta a observación grupal e a autocrítica sen culpables.

Avaliación

A. Rúbrica de avaliación

Criterio de Avaliación	Logrado	En proceso
Identificación: Recoñece sentimentos básicos en si mesmo e noutros?		
Observación: Pode explicar que pasou sen insultar nin xulgar?		
Empatía: Propón unha forma de axudar a alguén que está triste ou enfadado?		
Participación: Colabora na creación de normas e espazos de paz?		
Reparación: Pide perdón ou intenta arranxar algo cando se equivoca?		

B. Instrumento de avaliación cooperativo, "o mural dos logros de paz"

Cada vez que un estudante/a aplica unha das dinámicas (ex. usa o Recuncho da Calma ou cruza a Ponte dos Acordos), pega un adhesivo de cor no mural. Ao finalizar a campaña de SED, celébrase o número de "xestos virais" conseguidos por todo o grupo.

C. Autoavaliación "a man do coidado"

Nun debuxo dunha man, ao longo de dúas semanas, íranse pintando os dedos por día a medida que se consigan estes supostos (como se fose un vaso de auga que se fose enchendo, cada dedo representa un criterio):

- Escoitei?
- Dixen o que sentía?
- Pedín por favor?
- Axudei a alguén?
- Decateime de se me equivoquei?

Ao finalizar pegaranse as mans na aula.

Criterio de éxito: O alumno identifica polo menos unha necesidade tras un conflito e participa na creación de solucións sen recorrer ao castigo.

Gustaríache compartir os resultados da aula?

Envíanos o material (fotos, vídeos e resumo da actividade)
a comunicacion@sedongd.org.

*Dende ONGD SED, publicaremos os traballos nos nosos canles só co obxectivo de
facer viral a paz e facer visible o impacto da campaña.*

Avalía o material!

Envíanos a túa opinión a través del seguinte [formulario](#).

*Dende a ONGD SED, trataremos os
datos só co fin de avaliar o impacto
da campaña, identificar e valorar as
posibilidades de mellora para
futuras accións.*

